

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2026/4	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	23 de enero de 2026
Duración	Dende as 13:02 ata as 13:24 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	David García Lareo (Decreto 2026-0047)
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	NON
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 16.01.2026****Concello de Silleda**

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

Favorable**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 16 de enero de 2026.

Expediente 88/2026. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 19 de xaneiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha persoa usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo da adquisición de produtos básicos de alimentación.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pagamento dunha factura de alimentación e produtos de hixiene.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Vego Supermercados S.A.U. , correspondendo coa factura número 01000010 por un importe de 49,55 €.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 119/2026. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 22 de xaneiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha unidade familiar usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo de traslado ás dependencias da Xunta de Galicia, cuxa cita está programa dentro da intervención social que se está levando a cabo cos seus membros.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente

axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pagamento dunha factura de alimentación e produtos de hixiene.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Santiago López Fernández , correspondendo coa factura número INV-2026-000006 por un importe de 180 €.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 1073/2025. REFUNDIDO 2, SUSTITUCIÓN DE CUBIERTA DEL CENTRO DE SALUD DE A BANDEIRA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a concesión da subvención, ao abeiro do PLAN + PROVINCIA LIÑA 1 ano 2025, por importe de 53.890,31 €, incluídos honorarios técnicos, para a SUSTITUCIÓN DE CUBIERTA DEL CENTRO DE SALUD DE A BANDEIRA .

Visto que para tal fin foi redactado o proxecto técnico DE SUSTITUCIÓN DE CUBIERTA DEL CENTRO DE SALUD DE A BANDEIRA, pola arquitecta Dna. MARLENE PÉREZ SÁNCHEZ, e cun presuposto base de licitación de 100.278,62€.

Visto que a suma do orzamento do proxecto mais honorarios de redacción de proxectos, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, alcanzan a cantidade de 107.780,62 €

Vista a inminente concesión da subvención por parte da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia mediante un convenio de colaboración co Concello de Silleda para asumir o 50 % do custe total arriba referido.

Visto que consta no expediente o informe sobre as autorizacións sectoriais necesarias para a execución das obras.

Visto o informe sobre o proxecto técnico de substitución da cuberta no centro de saúde da Bandeira remitido pola DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS ECONÓMICOS do SERVIZO GALEGO DE SAÚDE no que se indicaba: *“se sugiere una revisión de los descompuestos y de los precios de las partidas. - Resulta necesario una mayor concreción constructiva de la instalación de los paneles sándwich o, en su caso, del cambio a cualquier otro sistema de cubierta”*

Visto que se atendeu ao antedito informe do Servizo Galego de Saúde procédese a modificar o proxecto orixinal SUSTITUCIÓN DE CUBIERTA DEL CENTRO DE SALUD DE A BANDEIRA, obtendo como resultado o REFUNDIDO 2, SUSTITUCIÓN DE CUBIERTA DEL CENTRO DE SALUD DE A BANDEIRA

Visto que consta no expediente o informe positivo de supervisión do REFUNDIDO 2, DE SUSTITUCIÓN DE CUBIERTA DEL CENTRO DE SALUD DE A BANDEIRA .

Visto que consta no expediente a acta de trazado previo, cumpríndose os requisitos establecidos pola normativa vixente.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto: REFUNDIDO 2, SUSTITUCIÓN DE CUBIERTA DEL CENTRO DE SALUD DE A BANDEIRA, por importe de 100.278,62 € euros (IVA INCLUIDO) nos termos do artigo 233 Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, e de conformidade coa da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Expediente 99/2026. REFORMA E ACONDICIONAMIENTO LOCAL SOCIAL DE SAÍDRES, DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN E URBANIZACIÓN DO ESPAZO EXTERIOR

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a documentación administrativa que obra no expediente 99/2026 de este Concello e nos relacionados (1016/2025, 1813/2025 e 105/2026).

Relativa á “REFORMA E ACONDICIONAMIENTO LOCAL SOCIAL DE SAÍDRES, DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN E URBANIZACIÓN DO ESPAZO EXTERIOR” A ADXUDICAR POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, para contratar a obra de **“REFORMA E ACONDICIONAMIENTO LOCAL SOCIAL DE SAÍDRES, DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN E URBANIZACIÓN DO ESPAZO EXTERIOR”**.

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de **69.033,56 €** (IVE engadido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal prorrogado deste Concello para o exercicio 2026.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas do contrato de obra de **“REFORMA E ACONDICIONAMIENTO LOCAL SOCIAL DE SAÍDRES, DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN E URBANIZACIÓN DO ESPAZO EXTERIOR”** por procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Expediente 515/2025. REFORMA DE LA "PRAZA DA IGREXA" DE SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o proxecto redactado polo arquitecto Manuel Abelleira Argibay denominado: REFORMA DE LA "PRAZA DA IGREXA" DE SILLEDA con presuposto base de licitación de 179.627,43€ (IVE INCLUÍDO).

Vista a Resolución de CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SILLEDA, por importe de 192.090,43€, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA DE LA "PRAZA DA IGREXA" DE SILLEDA” (EXPTE.2025018958).

Vista a acta de trazado previo que figura no expediente de solicitude da subvención (515/2025)

Visto o informe técnico emitido o 27/03/25, que obra no expediente, relativo ás afeccións sectoriais.

Vista a Autorización sectorial incorporada ao expediente: consta presentada solicitude de autorización e aprobada pola Dirección Xeral de Patrimonio na que se autoriza a actuación de REFORMA DE LA "PRAZA DA IGREXA" DE SILLEDA, de acordo co cumprimento das condicións establecidas na mesma.

Visto o informe positivo de supervisión do proxecto emitido polo Servizo de asistencia intermunicipal SAIM da Deputación de Pontevedra.

Visto o informe técnico, relativo ao cumprimento do planeamento en vigor, afeccións sectoriais e informe de supervisión.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar o proxecto REFORMA DE LA "PRAZA DA IGREXA" DE SILLEDA con

presuposto base de licitación por importe de 179.627,43 € (IVE INCLUÍDO) nos termos do artigo 233 Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Segundo.- Iniciar ao expediente de contratación da obra REFORMA DE LA "PRAZA DA IGREXA" DE SILLEDA por importe de 179.627,43 € (IVE INCLUÍDO), solicitando ao persoal técnico competente a redacción dos pregos que rexerán o proceso.

Expediente 1969/2023. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA DAR CONTINUIDADE AO SERVIZO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS ABANDONADOS

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a comunicación remitida polo Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra con Rexistro de entrada no Concello de Silleda núm. 2026-E-RC-198 de data 21/01/2026 relativa a Prórroga do Convenio de colaboración asinado entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para dar continuidade ao servizo de retirada de vehículos abandonados.

Vista a ADDENDA DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA DAR CONTINUIDADE AO SERVIZO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS ABANDONADOS. **(Anexo I)**

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a Addenda de prórroga do Convenio de colaboración asinado entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para dar continuidade ao servizo de retirada de vehículos abandonados. **(Anexo I)**

Segundo.- Facultar á Alcaldesa para asinar cantos documentos sexan necesarios para levar a cabo as actuacións pertinentes

Terceiro.- Dar traslado do acordo ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.

ANEXO I

“ADDENDA DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000

HABITANTES PARA DAR CONTINUIDADE AO SERVIZO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS ABANDONADOS

REUNIDOS

Don Luis López Dieguez, na súa condición de Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Dna.: Paula M.^a Fernández Pena en representación do Concello de Silleda, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

D. Carlos Cuadrado Romy, en calidade de Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ambas as dúas partes interveñen no exercicio das competencias que lle están legalmente atribuídas, recoñecendo reciprocamente capacidade legal necesaria para obrigarse, e en especial para formalizar o presente Convenio e a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. *A recollida de vehículos abandonados e a súa posterior xestión é unha competencia propia dos Concellos de acordo co disposto, entre outros, no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no artigo 12 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, no artigo 9 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, ou no artigo 106 do Real Decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Tráfico.*

Segundo. *Pola súa banda, a Deputación Provincial de Pontevedra ten entre os seus fins garantir a prestación integral e adecuada en todo o territorio da provincia dos servizos de competencia municipal, así como dar soporte aos Concellos na tramitación de procedementos administrativos e na realización de actividades materiais e de xestión, asumindoas cando aqueles se lles encomenden. Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 36.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante LBRL), asumirá a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, en particular, a prestación do servizo de tratamento de residuos nos Concellos de menos de 5.000 habitantes.*

Terceiro. *En relación co seu ámbito competencial, a Deputación de Pontevedra, consciente da problemática existente neste eido, prestou nestes últimos anos o servizo de retirada de vehículos abandonados nos Concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 50.000 habitantes a través dunha empresa externa, previa adhesión dos Concellos a este servizo mediante a subscripción do oportuno convenio de colaboración.*

Cuarto. *De conformidade co disposto na cláusula III do Convenio marco aprobado por Resolución Presidencial nº 2023008693, de 21.11.2023, “ O presente convenio terá unha duración de dous anos a contar **desde a súa sinatura**, prorrogable **dous anos mais** por mutuo acordo das partes, sempre que se*

prorroque o contrato que rexe a prestación deste servizo.”

Quinto. *Estando en tramitación a prórroga por dous anos máis do contrato asinado o 12.03.2024 coa empresa Automociones Catoira S.L. e próxima a expirar a vixencia dos Convenios asinados no seu día cos 45 Concellos da provincia adheridos a este servizo, faise necesaria a tramitación da prórroga dos devanditos Convenios por un período de dous anos.*

De acordo co anterior, e co obxecto de dar continuidade a este servizo de interese público, a Deputación de Pontevedra e os Concellos adheridos acordan a sinatura da presente addenda conforme ás seguintes,

CLÁUSULAS

Única. *Acórdase prorrogar por dous anos o Convenio de colaboración asinado entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os Concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para dar continuidade ao servizo de retirada de vehículos abandonados, a contar dende a data na que se compren os dous primeiros anos da sinatura do mesmo por cada un deles, nos termos e co mesmo alcance que figura no seu clausulado.*

En proba de conformidade, asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

*Deputación de Pontevedra
D. Luis López Diéguez*

*Concello de Silleda
Dna. Paula M.^a Fernández Pena*

*O Secretario
D. Carlos Cuadrado Romay”*

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE